




# FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN

## ESCOLMA DE TEXTOS



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022

 *SeminarioGalileo.org* 

# FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN (1903/1987)

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu en Córghomo, na bisbarra ourensá de Valdeorras, o 27 de agosto 1903. Estudou Dereito en Valladolid e no ano 1928 instalouse como avogado no Barco.

Escribiu moitos versos e artigos que publicou no Heraldo Ourenzano e no ano 1934 editou o seu primeiro libro de poemas, *Bebedeira*, na editorial Nós.


Dous anos máis tarde comeza a Guerra Civil e Florencio comeza a diáspora: fuxe primeiro a Valladolid, logo pasa a Portugal e de alí a Francia. Consegue chegar á zona republicana onde permanenece ata o final da guerra.

Exíliase a México, a bordo do Ipanema, e neste país vivirá, desenrolando unha gran actividade cultural galega, deica a súa morte, en Fair Oaks, EEUU, en 1987.

No ano 1963 publica na colección Salnés, de Vigo, *Galicia Infinda*, e en 1981, en Edicións do Castro, *Cantarenas*, que recolle tres libros de poemas: *Bebedeira*, *Valdeorresas* e *Dionisias*. En *O soño do guieiro*, publicado por Edicións do Castro, recóllense, en palabras do autor, «un feixe de poemas, poemiñas e poemoides» nos que dá mostras do seu talento satírico ao retratar ao ditador Franco ou describir o desleixo lingüístico de certos falantes galegos.



Florencio Manuel Delgado Gurriarán, escritor homenaxeado no Día das Letras 2022.



En *Cantarenas*, publicado por Edicións do Castro recóllense tres libros de poemas: *Bebedeira*, *Valdeorresas* e *Dionisias*.



# Resposta a Rosalía GALICIA INFINDA

# 1

No cabo de século dos  
seus «Cantares Gallegos»

Eu cantar, cantar, cantei  
a graza non era

Ti cantar, cantar cantache,  
ti cantache, Rosalía;  
ti cantar, cantar, cantache,  
da graza de Deus unxida,  
concertos de reiseñores,  
malvises e cotovías,  
de rulas que loitos choran,  
de galos na amañecida,  
de airiños que tollen mágoas,  
de mozas pernas que esbrinzan  
e de xogorás punteiros  
de gaitas nas romerías

.....

Do río, na florida beira  
do mar ao pé das ondiñas,  
cantache, nova alborada,  
o abrente dun claro día.  
E, teu cantar, foi roibén,  
foi diana de ledicia,  
pois cantache o «resurrexit»  
da lene fala esquecida.

.....

Ti cantar, cantar cantache,  
cantache que ben sabías;  
cantache de graza chea:  
voz gloriosa da Galicia!



**xogorás:** *alegres, dinámicos*

**roibén:** *Luz radiante en tons vermellos que tinxe as nubes no horizonte ao abrir o día ou ao atardecer, cando lles dá o sol*



# A Caldeira

## GALICIA INFINDA

# 2

Do río de Farellos  
aí vén a caldeira  
para matar a sede  
de todas as terras.

Espelliño ledo,  
cristal manseliño,  
vén cantaruxando  
beira dos camiños.

O seu ben reparte,  
cal Samaritana,  
e acaba probiña,  
e morre escoada.

Bebe o boi marelo,  
bebe a mansa besta,  
beben as herbiñas...  
todos beben dela!

.....

Pasou a caldeira,  
camiño das hortas,  
a falar soíña,  
a cantar saudosa.



Caldeira do río Farellos

**caldeira:** canle

**manseliño:** moi manso, moi  
tranquilo, moi suave

**escoada:** desangrada



# A Malla

## GALICIA INFINDA (Cantarenas)

# 3

Pértegas e mocas,  
en rexo bailado,  
a eira apouvigan.

Pulo acompasado  
e rítmico estrondo  
no bater dos paos.

Poeira amarela,  
amarelo estrado,  
balet amarelo,  
amarelos mallos.

As nenas, peneiran.  
Baila, ceibe o grao.



**pértega:** vara longa e resistente

**moca:** pau que serve de mango

**apouvigan:** serenar

**pulo:** chimpo, salto

**poeira:** pó

**estrado:** plataforma

**mallo:** utensilio usado para mollar





# Andan os paxaros...

## GALICIA INFINDA

### (Castiñeiros)

# 4

Andan os paxaros,  
co medo, a chiar...  
(Do Xapón, mandaron  
castiros ananos  
para que os nenos poidan  
os niños pillar  
sen rubir ás gallas,  
sen engateñar,  
sen rachar as calzas...  
dende o mesmo chan!)

Andan os paxaros,  
co medo, a chiar.



*castiros:* castiñeiros

*engateñar:* subir por unha  
árbore usando os brazos e  
as pernas. Engatar



# Pandeirada

## GALICIA INFINDA

### (Varia)


# 5

Nenas, vinde á pandeirada,  
que sinto, no peito o adufe  
do meu desexo, rapazas.

Os ollares churrusqueiros  
son mans a bater no adufe  
que anda a soar no meu peito.

Nenas, vinde á pandeirada,  
a pór acordes co adufe  
as ferreñas das risadas.

(Estoupe, que estoupe, que estoupe o pandeiro;  
nas bocas floridas que estoupen os beixos;  
estoupen os risos e os salaios ledos;  
estoupe o xuntillo, gaiola dos peitos!)



**adufe:** instrumento de percusión parecido ao pandeiro



Ledicia da pandeirada:  
arcos-peitos, branco-adufe,  
frechas-tentacións o rachan.

Eléctrico de desexos  
vai estoupar meu adufe  
co bater dos vosos beizos.

Ledicia de pandeirada:  
acordes co meu adufe  
vosas ferreñas, rapazas.


(Tanxe, que tanxe, nena rebuldeira,  
coas mans que buligan como bolboretas.  
Tanxe, que tanxe, tamén eu tanxera  
a bicos, o adufe da boca vermella!)



Adufeiras

*buligar: moverse dun lado  
a outro de maneira rápida  
e inquieta*





# COUSAS DO OUTONO

## CANTARENAS (BEBEDEIRA)

# 6

Andan á roda no ceo  
os fillos do sol e a choiva;  
as árbores xogan ás chapas  
cos patacóns das súas follas.


De brétemas alfaiate,  
fíxolle o río roupa ao val,  
coa tesoura das raiolas  
anda o sol por lle a rachar.

Nas amoladeiras nubes  
o reuma, bo zapateiro,  
afía as súas coitelas  
para traballar no inverno.

Fai o balance do verán  
a formiga na súa tenda;  
coma mociñas sen noivo  
danlle ao rabo as lavandeiras.

Garda o tesouro das pingas  
en bolsas de ará, o toxo,  
pois quere aforrar diñeiro  
para pór dentamía de ouro


O serán, que pillou frío  
tén un zaluco dos demos,  
e por tirarllo, a curuxa,  
anda meténdolle medo.



**alfaiate:** xastre

**bolsas:** bolsas

**zaluco:** salouco, choro facendo ruídos coa boca e o nariz



# FESTAS FOLIÓN DE VRAN CANTARENAS (BEBEDEIRA)

# 7

Na póla dun buxo  
canta un reiseñor;  
a póla, é o punteiro;  
o paxaro, o fol.

Polo heliógrafo do río  
pide o ceo á terra estrelas;  
e a terra, no tren da brisa,  
remésallas con urxencia  
e ruben aturuxando  
que fan o viaxe ledas.

No ceo do foliÓN  
dan clases de xeometría,  
zorrégalle labazadas,  
que cheiran a dinamita,  
o mestre, que ten mal xenio,  
ao estudante que asubía,  
e, no encerado da noite,  
anda a facer tolas liñas.

O broslador fogueteiro  
brosla cen rosas de fogo  
no escuro raso do ceo.

Gorxas que estoupan a berros;  
pernas que firen o chan;  
poeira, do chan salaios,  
que rube aos ouvidos do ar.

*remésellas:* envíallas

*broslador:* bordador


*brosla:* borda



No outo, tamén a lúa  
sae a ruar coas estrelas;  
anda de troula e trasnoita,  
mais o sol virá por ela  
a levala, para o leito,  
collidiña dunha orella.



(Grabado en linóleum de Xaime Prada)



# MUIÑADA CANTARENAS (BEBEDEIRA)

8

O sol, baril muiñeiro,  
pingotas de choiva moe,  
o arco da vella peneira  
fariña de sete cores.

Os brancos foles das nubes,  
a lombos das serras, van  
cara o muiño do ceo  
para moer o seu gran.

A señora lúa,  
branca muiñeira,  
que anda noutra banda  
coas mozas estrelas,

ao chegar a noite  
de tornar se lembra  
porque ten gandaia  
e non quere perdela.

Os ventos, mozos do pobo,  
polos agros a cantar,  
terán de rubir ao ceo  
pola noite a rebuldar.

*pingotas: pingas grandes*

*manseliño: moi manso, moi  
tranquilo, moi suave*

*escoada: desangrada*





O sol muiñeiro,  
de pan un anaco,  
que moeu de día,  
farto de traballo  
ao ban do poñente  
vai asubiando,  
amata o candelo  
e fica deitado.

Ao vello muíño a escuras  
ruben os ventos á présa,  
xunto á muiñeira lúa,  
e xunto ás mozas estrelas.

A señora lúa,  
chiscándolle os ollos  
ás mozas estrelas  
aos ventiños mozos,  
arranxa as parellas,  
cada un ao seu choio,  
e, co máis varudo,  
ponlle ao sol os cornos.



A paroleira anduriña  
anda a falar polo baixo  
coa brisa, vella conteira  
que murmuraa antre os carballos.

«Unha noite no muíño  
moitos din que non é ren,  
mais, sabendo aproveitala,  
nela móese moito e ben».


**van:** oco

**poente:** moi manso, moi  
tranquilo, moi suave

**amata:** fire

**candelo:** conxunto de raios  
de Sol que aparecen entre  
as nubes cando esá o ceo  
cuberto

**varudo:** forte



# VENTE, VENTIÑO DO NORTE CANTARENAS (BEBEDEIRA)

# 9

Vente, ventiño do norte,  
vente, ventiño norteiro  
a cantarme, nos ouvidos,  
a canción do frío inverno;  
Tráeme lembranzas dos montes  
de branca neve cubertos;  
de parte da branca neve  
vén darme xeados beixos,  
que mais quero aterecer  
ao contacto dos teus beizos  
que sintilos agarimos  
de ventos moles e tépedos;  
das árbores que apouvigas,  
por facerte cos brinquedos  
de amarelas follas murchas,  
trae a min o bruar fero;  
traeme os laios musicais  
das xestas e dos piñeiros,  
pois quero trocar a moleza  
e dozura do bo tempo,  
polos ásperos aloumiños  
do barudo e forte inverno;  
quero que rente a min chegues  
cantando o canto guerreiro  
do norte, e que cheo de azos,  
amátelo conto meigo  
do brando sur, teu inimigo;

**beixo:** bico

**tépedo:** morno

**apouvigas:** moves co aire

**brinquedos:** xogos, entrete-  
mentos

**moleza:** brandura

**azos:** coraxe




quero verte de min preto;  
quero ese teu bruar rouco  
non o carpir silandeiro  
e femenino da brisa  
maina cal choro de neno.  
E pois non quero tenruras  
e túa amizade quero:  
vente, ventiño do norte,  
vente, ventiño norteiro,  
vente, ventiño do norte,  
serás o meu compañeiro.



O CEGO, grabado en linóleum de Xaime Prada

*carpir: chorar*



# A TRAXEDIA DOS CASTIÑEIRO O CASTIÑEIRO MORTO CANTARENAS (BEBEDEIRA)

# 10

Retorto castiñeiro, outrora san e forte,  
atópaste ferido do machado da morte;  
as túas folliñas, murchas, van caendo no chan,  
ou tristura dunha árbore despíndose no verán!

Malpocadas! Cal anacos  
da túa vida,  
vainas arrincando o vento  
e revoan toleironas  
e corren polos camiños  
para morrer, afogadas  
na lama dun tremesiño.


...



CASTIÑEIRO. grabado en linóleo de Xalme Prada

*tremesino: cereal que nace  
e madura en tres meses*





# OS «TRINTAS» CANTARENAS (VALDEORRESAS. CANTARENAS DO VAL)

# 11

O Félix florea a gaita,  
Fermín florea o requinto,  
fai, Roxelio o redobrante,  
na caixa, lene tronido...

Ou a gloria da alborada  
dende a «Pireira» ás «Gralleiras»  
no amencer de Santa Marta!

(De «Galicia Infinda»)



Grupo musical de Córghomo, aldea natal de Florencio. (Ca 1920)

*redobrante: tambor de caixa alta, de son máis xordo ca do tambor corrente*



# Galicia infinda

## GALICIA INFINDA

# 12

Galicia infinda!  
Nosa Galicia é máis que toda a Terra.  
Non é xa o cativo currunchiño  
que din escolas vellas.  
Cómprenos desbotar antigos erros  
fillos de mente estreita:  
Galicia infinda!

...



Valdeorras (Ourense)



# Moza GALICIA INFINDA

# 13

Ergueitos os seos,  
turxente a cadeira...  
Con que maxestade  
vén, a miña nena,  
da «Fonte dos Canos»  
co cántaro á testa!







# Río de Farelos GALICIA INFINDA

# 14

Chamaranche fita ou cobra,  
poéticas nomeadas,  
mais ti, que arela tes diso,  
souril brinquedo das augas?



Río de Farelos, Valdeorras (Ourense)

*fita: cinta*

*souril: alegre*

*brinquedo: xoguete*





# Esquiadores GALICIA INFINDA

# 15

Do Barco, os esquiadores,  
a serra civilizaron.  
As encostas da Trevinca  
xa saben o que é o slalom,  
mais á neve, outrora virxe,  
co seu riscar esforciaron.



Membros do Club Pena Trevinca Montañeiros de Galicia, fundado en 1944.

*encostas:* pendentes, ladeiras

*riscar:* rascar, rañar

*esforciaron:* quebraron



# Casoiro

## GALICIA INFINDA

# 16

Casóu don Godello  
con dona Mencía  
e van pór a casa  
polo «Val das Viñas».

Daquela xuntanza  
foron de padriños  
a rica Viura  
e o rico Caíño.

Houbo baile e foi  
a mellor parella  
mozo Merenzáo  
e a mociña fresca.

A nena Garnacha  
púxose vermella,  
porque, o Brencelláo,  
fíxolle unha festa.

Con esa nena tola  
que din Viciveira,  
«Jerez», o andaluz,  
foi de brincadeira.

e a nai da rapaza  
-a María Ordoña-,  
polo Viñaredo  
andaba chorosa

.....



Fillo da Mencía e máis do Godello,  
un neno varudo,  
ledo e rebuldeiro  
(dos que din as xentes:  
«arde nun candieiro»),  
naceu, polo Cristo,  
no mes de setembro.



Socalcos en Valdeorras.

*varudo: forte*



# Domadora de serpes

## GALICIA INFINDA

# 17

A neniña brinca á comba nun xardín de algures

Un,  
dous,  
tres.  
Fuxen da retorta serpe  
os paxariños dos pés  
e as bolboretas das trenzas.  
Un,  
dous,  
tres.  
Os paxariños dos pés  
fuxen, con medo da cobra.  
A túa gorxa, leda frauta,  
fai bailar á serpe tola.  
Un,  
dous,  
tres.  
Fera enfurruñada, asubía  
ao feitizo das túas mans,  
e chouta, ergueita, para darche  
tráxica aperta no van.  
Un, dous, tres;  
un, dous, tres...  
rápida estordega,  
mais viras e viras  
o corpo de vimia  
e á cobra alporizas.

**van:** cintura

**estordega:** volta en sentido contrario

**vimia:** vimbio

**alporizas:** fas perder a tranquilidade





Fuxide, paxaros,  
que a serpe asubía!  
Cantigas na frauta...  
Aprisa, neniña!  
un, dous, tres,  
un, dous, tres...





# Hai sede na nova Galicia... GALICIA INFINDA

# 18

Sede nos ermos outeiros  
e nas poirentas chairas,  
nos arpados nopaleiros,  
sede nas enxoiatas eiras.

Nas lagoas enlamadas  
de arneiro xabre cinguidas.  
Sede nas irtas valgadas.  
Sede nas terras espidas.

Sede nas mortas aldeas,  
nas congostras, nos carreiros  
e nas queimantes areas  
dos escoados regueiros.

Nas árbores desfolladas  
que erguen, en mudo queixume,  
súas ponlas estordegadas,  
fogueiras a arder sen lume.

Sede o coiote ouveante,  
sede a cobra pezoñenta  
de axóuxere alporizante  
e sede a iguana cincenta.

Os carneiros tosquiados,  
o armentío famento,  
os pegureiros coitados...  
Sede, universal tormento!

**nopaleiro:** árbore semellante ao salgueiro

**aira:** eira, sitio chan próximo á casa

**arneiro:** terreo estéril e areoso

**irtas:** tesas, ríxidas

**congostras:** camiño de carro estreito e profundo

**estordegada:** torta

**armentío:** rabaño de gando vacún

**pegureiro:** persoa que cuida o gando



Da teixa, enrugada terra,  
do azul, decote a brilar,  
do vento ardente que berra,  
da natureza a esligar!

Os remuíños inxentes  
-como blasfemias ou pregos-,  
cara os ceios incrementes  
ruben, nun pulo, dos regos.

Sede en min nunca matada,  
sede en min xamais dormida,  
da verde Terra arelada,  
a das choivas benquerida.


Bisbarra de Valdeorras.



*teixa: de cor parda escura*

*esligar: morrer de sede*

*pregos: raias ou sucos*



# SAN XOSÉ CANTARENAS (BEBEDEIRA)

# 19

*Fala a anduriña.*

*-Fun á mar e volvín da mar,  
o teu liño por fiar  
e o meu xa está no tear.  
¿Que fixeche, preguizosa?  
-Dormir, dormir.*

*(Do Pobo)*

A anduriña veu do mar  
a voar, a voar;  
viaxando nas roibéns,  
dende o mar, aquí chegou  
para saudar aos Xosés,  
Xoseiño, lava a perna,  
Xoseiño, lava o pé:  
con fregas de primavera  
desbota o frío do inverno;  
e con flores dos valados  
dálle perfume ao cabelo.

Por ser teu santo a anduriña  
veu a traerche o bo tempo;  
a fresca brisa da montaña  
anda a dar forzas aos corpos;  
ás ponlas dos castiñeiros  
sáenlle os furunchos dos gromos;  
as nabeiras e as cortiñas  
mercaron un manto de ouro;  
e o reiseñor veu da Habana  
e trouxo cantares novos.

**roibén:** Luz radiante en tons  
vermellos que tinxe as nu-  
bes no horizonte ao abrir o  
día ou ao atardecer, cando  
lles dá o so

**furuncho:** tumor pequeno

**nabeira:** leira de nabos

**cortiña:** terreo próximo á  
casa





\* \* \*

A anduriña veu do mar  
a voar, a voar;  
como non é preguizosa  
dende cedo anda a chirlar  
mais, por falar coas amigas,  
deixa o liño por fiar.

\* \* \*

A anduriña veu do mar  
a voar, a voar;  
na pousada do tellado  
anda tola a parolar.




Para facer a toilette  
terá de espello unha pinga;  
para empoeirar a cara  
unha mimosa florida;  
para barrufar o corpo  
a ducha dunha orballeira;  
e para pintar o bico  
amoriñas das silveiras.

**chirlar:** voz característica  
dos paxaros

**empoeirar:** cubrir de po

**barrufar :** caer chuvia miú-  
da

**orballeira:** chuvia miúda



# AMAÑECER DE SAN XOÁN CANTARENAS (BEBEDEIRA)

# 20

A maina brisa rouba todos  
os recendos da debesa  
para perfumala noite  
ao pieitarlle a cabeleira;  
o ceo pesca no río  
cos seus anzoles de estrelas;  
no espello dunha lagoa  
óllase a lúa coqueta.  
Os mociños bailan ledos  
ao redor dunha fogueira  
(linguas roxas, a lamber  
das sombras as carnes pretas;  
o pintor viño, a pintar  
fortes cores nas meixelas  
a estoupalos aturuxos  
coma foguetes nas festas).  
Unha rapaza arelante  
escoita, detrás da fiestra,  
as cantigas que lle adica  
a mocidade da aldea  
mentras que a enfeitan toda  
cos corais das cereixas,  
con recendentes loureiros  
e con rosiñas vermellas.  
As gorxas, ben entonadas,  
en «sol» as cantigas levan:  
tan bariles son as notas  
que lle dan ao galo envexa,  
e, cal solista de coro,


*bariles: que ten caracterís-  
ticas nobres*



ou cal divo de opereta,  
 por non ser menos ca os mozos  
 unha diana frolea...  
 A barulleira ruada  
 ao durmido sol desperta,  
 quere rifar, mais non pode  
 porque seica é de boa aquela,  
 por entre o embuzo das nubes  
 mostra as louras guedellas,  
 e dende o seu leito azul  
 sorrí con sorrisa leda.



**embuzo:** embozo. (En sentido figurado) peza ou parte dunha peza de vestir coa que se cobre a cara.



# LOUBANZA Á TOPONIMIA ENXEBRE

# 21

(Muiñeira sen música)

## CANTARENAS (VALDEORRESAS)

Volten a Valdeorras os nomes xenuinos:  
Non máis «Correjanos» nin «Vega Molinos»;  
si Veiga Muíños e máis Correxais,  
pois xa os «castrapismos» están por demais.  
Arriba Penouta e abaixo «Penota»,  
que é nome en «castrapo» e rima con «jota»;  
afora «Jaoaza», nome cacofónico,  
adiante Xaguaza, enxebre e eufónico.  
non trocar por feles os galaicos meles,  
pronunciando «El Barco», «La Puebla» e «Bajeles»  
e «Vega de Cabo», «Villoria», «Otarielo»  
e «Puerto Morisco» e «Repuricielo»  
e ata, Deus me salve, nomeando a Fiais  
en «supercastrapo», decíndolle «Hilais».  
Hai xentes capaces (é cousa de rir)  
de, ao pobo de Córghomo, «Kuérgamo» decir;  
hai xentes capaces (cousa é para chorar)  
de, ás mesmas gralleiras, «Grajeras» chamar,  
e, de Rodeleira, facer «Ruedelera»  
(¿víchedes vosoutros cousa máis pavera?).  
¡Que Deus lles perdoe a feble cultura  
aos que esmendrellaron a nomenclatura,  
traducindo os belos nomes de Valdeorras  
ao feio «Castrapo», da linguaxe as borras,  
xerigonza, xiria, xermanía impura  
que é do castelán, a caricatura...!






Xentes valdeorresas, voltade á eufonía  
dos nomes anterigos, baril fidalguía:  
iQue na nosa fala, de fina enxebreza,  
de lene dozura, de egrexia nobreza,  
do noso Valdeorras, benquerido lar,  
os pobos e vilas volvamos nomear.



Castrapismo na sinaléptica da Coruña. Xaneiro, 2022

*eufonía: efecto agradable  
ao oído*




# GABANZA DOS VIÑOS DE OURENSE CANTARENAS (DIONISIAS. CANTARENAS DO VIÑO)

# 22


*A VALDEORRAS, terra nai de frol dos viños  
ourensáns*

A terra de Ourense non se ve cortexada, como as outras terras da Galicia, polo xigante Atlántico, nin polo alterado Cantábrico; os seus penedos non coñecen o salgado bico das augas do mar, nin as súas árbores ouviron xamáis a conversa, riseira ou irritada, dos ventos do océano; os carreiros de espuma dos ronseles non lle levan novas do mundo. Mais non se laia delo. Privada do mar das augas, os seus fillos souberon brindarlle outro mar mellor: o dionisiaco mar das cepeiras, que asolaga os seu máis farturentos vales e con el os acios e máis o viño, o «bonum vinum» que aleda o corazón dos homes.

...



VENDIMA, por Anxo Santomi!



# SAGA DO RÍO PÁNDIGO

## CANTARENAS

### (DIONISIAS. CANTARENAS DO VIÑO)

# 23

A Don Baldomero García Fernández, admirado berciano e valdeorrés, con agarimo.

Nado en terras de León  
o río Sil, pandigueiro  
como mozo das festas,  
camiña polo Bierzo  
libando o bo «clarete»  
daqueles viñedos.  
Sempre cabo das vides  
percorre o seu vieiro,  
a folgar nos relanzos,  
a choutar nos laxedos.  
mais, ouvindo a chamada  
da Viura e do Godello  
que o mel dos acios brindan  
no veigal solleiro  
e ricaz dos «Xigurros»,  
o Sil, vindimarego,  
a súa terra abandona,  
pasa a fronteira por camiño esgrevio  
e, ao chegar a Valdeorras,  
namorado do Val, faise galego.

**pandigueiro:** *divertido, gracioso*

**relanzo:** *parte dun río onde a auga vai máis lenta ou se detén*

**choutar:** *saltar*

**solleiro:** *con moito sol*

**esgrevio** *escabroso*



Percorre, afouto, terras  
de frondosos bacelos  
criadoiros de mostos  
consolo dos sedentos.  
Acaróbase ao Miño  
para xuntos, ruar no mesmo rueiro;  
a «espora», en Ribadavia  
con Sousón e Verdello;  
no Rosal, de Caíño,  
o grolo derradeiro...  
¡E a xolda dos compadres  
mergúllase no Océano!

.....  
Saga do Sil enófilo,  
inquedo e pandigueiro.



*acaróbase: achégase*

*bacelos: videiras novas*

*enófilo: que lle gusta o viño*





# «HOME PEQUENO - FOL DE VENENO» O SOÑO DO GUIEIRO

# 24

Fuco, Fuquiño  
pequerrechiño,  
de homes refugallo,  
selso do feixismo.

Cativo de corpo,  
cativo da alma,  
encrenque boneco,  
ditador «liñaza».

Alacrán con mando,  
sapo con estrelas,  
arañón con cruces,  
cobra pezoñenta.

Morcego da noite,  
verme dos cadavres,  
piollo que estoupa  
enchento de sangue.

Fuco, Fuquiño  
pequerrechiño:  
nas nádegas do «Iler»  
puxeche o fuciño.

E, ao «Buche pallaso»,  
tamén llas bicaches,  
para que te fixeran  
o que ti soñaches.

...





# AS CABALGADAS DE FARRUCÓN FARRUQUIÑO **25** O SOÑO DO GUIEIRO

-Ai, Farrucón,  
Farruquín, Farruquiño:  
¿como ficaches tan pequeniño?  
-Fiquei pequeniño  
porque non medrei,  
máis, sendo cativo, a moi alto cheguei.  
-E sendo pequeno  
por puco medrar:  
¿como chegaches a ser xeneral?  
-De certo, non sei,  
cousas do de Arriba,  
que en min se fixou cando fun a Melilla;  
cousas do de Arriba,  
cousas de El Señor,  
que, en min se fixou para salvar a nación.  
-¿Cousas do de Arriba?  
Non, Farruco, non,  
igrazas, dalle, ao demo que tomba avións!  
Se outros non morreran,  
ti aí non chegaras  
e en «lindo cadete» para sempre ficaras.  
-Ai Farrucón,  
Farruquín, Farruquiño  
¡Como ficaches tan pequeniño!

...





# CELSO EMILIO FERREIRO O SOÑO DO GUIEIRO

# 26

Ai qué soa ficou «María Soliña»,  
ai que triste a chorar na soidade,  
ai que triste a xemer, que señaardade,  
qué mágoa dela e da Terra túa e miña.

Qué dor porque te fuches, fera espiña  
nos corazóns chantada, meu confrade,  
corazóns a sangrar pola crueldade  
do gume inexorable da fouciña.

Por ti chora a «María» abandonada,  
por ti chora o «Buxán» esfarrapado,  
Celso Emilio Ferreiro, poeta noso.

Por ti chora a Galiza malfadada  
e por ti chora o pobo laceirado...  
Por ti, Poeta, «Bo e Xeneroso».



CELSO EMILIO FERREIRO

FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN  
*Guadalaxara, Nova Galiza, outono do 1979*

**gume:** bordo dun instrumento cortante

**confrade:** membro dunha confraría

**señaardade:** sentimento provocado por estar só



# O GALEGO... O SOÑO DO GUIEIRO

# 27

O galego é un home que envexa aos macacos,  
o galego é un cisne que quere ser pato,  
o galego é unha águia, que imita aos morcegos  
para minimizarse, sendo sobranceiro.  
Tendo fala prócer, tatexa en castrapo;  
de egrexia liñaxe, anda a ser criado;  
era circio e rexo, hoxe é brando, é mol,  
doente de abulia, desleixo e langor.  
o seu non reclama, aínda deixa agora  
que a reo o gobernen as xentes de afora;  
non ten nunca arelas de ser, do seu dono,  
sempre mergullado nun sono sen soños.

ilgnora que compre non ser «miñaxoia»,  
pois a liberdade non a dan de esmola!

*Guadalaxara, Nova Galiza, 1979*

Praza da Quintana,  
Santiago de Compostela



***prócer:** personaxe de gran  
relevo social*

***circio:** recto e xusto*

***langor:** falta de vigor e  
enerxía*



# A SALVE

## CANCIONEIRO DA LOITA GALEGA 28

¡Salve!

Branca, branquiña, branqueira,  
alta bandeira galega:  
branca como unha pombiña,  
azul, coma o mar da Terra.

Branca é a espuma do mar,  
branca é a cor da pureza;  
por eso es ti tamén branca,  
¡salve,  
miña bandeira galega!

Galiza a do ceio azul,  
do mar azul rodeada;  
por iso ti es azul,  
azul, azul, azulada,  
¡salve,  
bandeira da Patria amada!

Deixa que os iñorantes  
digan de ti o que queiran,  
do Rei Breogán os fillos  
sempre ollarán nesa enseña,  
azul e branca bandeira,  
o rexurdir vistorioso  
da nosa Patria Galega.  
¡Salve Bandeira!



R.MIÑO.





# SAÍDA

## POESÍA INGLESA E FRANCESA

# 29

Un paquebote na súa caldeira  
Queima as cadeas que a terra o avencellan.

Mil emigrantes que van no vapor  
Non teñen máis que un pequeno acordeón.

Na áncora presa vai unha serea  
E por se ceibare o corpo estordega.

Cando volta ás augas vai tan alritada  
Quen non se decata de que está magoada.

Meirande se fixo a voz do Océano  
E os desexos todos se transparentaron.


Voan as gaivotas, como se quixeran  
Turrar do navío para lonxe da terra.

Ás apalpadelas vai saíndo ao mar  
Porque ten os ollos ceguiños de sal.

A arela que temos doutros continentes  
Rube polo mastro paseniñamente.



Tradución, realizada por Florencio M.  
Delgado Gurriarán do poema «*Départ*»,  
de Jules Supervieille.



# CHOIVA POESÍA INGLESA E FRANCESA


# 30

Chora o meu corazón  
E na vila a chover;  
¿Que estraño esmorecer  
Sente o meu corazón?

Nos tellados, a choiva,  
Canta un canto teimoso  
Pró corazón saudoso,  
¡Doce canto o da choiva!

¿Por que te queixas, di,  
Corazón magoado?  
Se non es traizoado...  
¿Por que te queixas?, di.

Mais non aturo a dor  
Que me causa o ignorar,  
Que sen querer nin odiar  
Sinta tan forte dor.



Tradución, realizada por Florencio M.  
Delgado Gurriarán do poema «*Pluie*», de  
Paul Verlaine.